

SVV/acc

RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

EXPEDIENTE	2025007490
ASUNTO	CURSOS DE ESPAÑOL PARA A PREPARACIÓN DO DELE A2 PARA O ANO 2025
TRÁMITE	RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL APROBANDO A RELACIÓN PROVISIONAL DE SOLICITUDES ADMITIDAS E EXCLUIDAS XUNTO COAS CAUSAS DE EXCLUSIÓN DA NOVENA EDICION DOS CURSOS DE ESPAÑOL PARA A PREPARACION DO DELE A2 PARA O ANO 2025

A Deputada Delegada da área de Igualdade e Benestar Social, no exercicio das competencias delegadas pola Presidencia, dita a seguinte RESOLUCIÓN

ANTECEDENTES DE FEITO E TRATAMENTO TÉCNICO

Primeiro.- Por Resolución Presidencial núm. RP2025001380, de 27 de febreiro de 2025, aprobáronse as Bases Reguladoras da novena edición dos Cursos de Español para a preparación do DELE A2 , exercicio 2025, publicadas no BOPPO nº 43 do 4 de marzo de 2025.

Segundo.- Por Resolución Presidencial núm. 2024002462 do 25 de marzo de 2024 aprobouse o Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e a Universidade de Vigo para a realización dos cursos de español para a preparación do DELE do nivel A2. (expediente 2024007896). O convenio formalizouse con data 2 de abril de 2024 entrando en vigor dende a súa sinatura.



Por Resolución Presidencial núm. RP2025002275 do 26 de marzo de 2025 aprobouse a addenda de modificación da cláusula cuarta do Convenio de Colaboración entre a Deputación de Pontevedra e a Universidade de Vigo para a realización de cursos de español para a preparación do DELE do nivel A2 para o ano 2025. A addenda formalizouse o 4 de marzo de 2025.

Terceiro.- Unha vez rematado o prazo de presentación de instancias do 5 ao 19 de marzo de 2025, rexistráronse un total de 102 solicitudes, que foron obxecto de estudo e comprobación por parte do centro xestor encargado da instrución do expediente.

- 72 solicitudes resultaron admitidas por cumprir os requisitos establecidos na base segunda

- 30 solicitudes resultaron excluídas polos seguintes motivos:

- 2 solicitudes resultaron excluídas por presentar máis dunha solicitude de participación

- 1 solicitude foi presentada fora do prazo establecido

- 27 solicitudes resultaron excluídas por non cumprir a persoa solicitante os requisitos establecidos nas bases, e/ou non achegar a documentación esixida

Cuarto.- De conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes publicárase a relación provisional de persoas admitidas e excluídas, xunto coas causas da súa exclusión, na páxina web da Deputación de Pontevedra.



Visto o informe-proposta da Xefa do Servizo de Benestar Social de data 9 de abril de 2025 (CSV QK6NFOOUK7PAW3N6) , a dilixencia de conformidade emitida polo servizo de Intervención de data 11 de abril de 2025 (CSV 4QOJWIQAWLJMKK98), e de conformidade co disposto na Resolución Presidencial nº 2025000631, de 20 de xaneiro de 2025, de delegación de competencias da Presidencia, RESOLVO:

Primeiro. Aprobar a relación provisional de persoas admitidas (CSV: 7PZYT3JFAWVI2GAO) e a relación provisional de persoas excluídas xunto coas causas de exclusión destas últimas (CSV: IPNFHJI34D0UPLDO).

A inclusión nesta relación provisional non xera dereito algún para as persoas interesadas, xa que logo se poden producir variacións que resulten da presentación de documentación e/ou alegacións. Unha vez resoltas as alegacións e/ou comprobados os datos que se achegan, o servizo instrutor formulará proposta de resolución que sometera á aprobación do órgano competente, que resolverá a convocatoria. O anuncio da Resolución presidencial aprobando a relación definitiva de solicitudes admitidas e excluídas xunto coas causas de exclusión da novena edición dos Cursos de español para a preparación do DELE A2 do ano 2025, publicárase na páxina web da Deputación.

Segundo. Publicar a relación provisional de persoas admitidas e persoas excluídas, xunto coas causas da súa exclusión na páxina Web da Deputación de Pontevedra.



Terceiro. Conceder un prazo de 5 días hábiles (tramitación de urxencia segundo o artigo 33 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas), contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución na páxina Web da Deputación de Pontevedra, para poder emendar os defectos que motivaron a súa exclusión ou omisión.

Cuarto. Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse preferentemente por medios electrónicos a través do modelo "2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude", dispoñible en <https://sede.depo.gal>

Asinado dixitalmente na data que figura na marxe.

